



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

()

NOTIFICACIÓN

Pola presente notifícolle que a alcaldía-presidencia, con data 04-11-2019, ditou o Decreto nº 712/2019, que deseguido se transcribe literalmente:

<< **Descrición: Desistimento do procedemento 2019/E001/000003**

DON JOSÉ LUIS GARCÍA LÓPEZ ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA (A CORUÑA)

ANTECEDENTES:

Visto o expediente 2019/E001/000003 relativo á convocatoria e cobertura en propiedade dunha praza de axente de policía local, pertencente á escala administración especial, subescala servizos especiais; aprobado por acordo da Xunta de goberno local de data 20 de marzo de 2019, e publicado no BOP Nº 58, de 26 de marzo de 2019.

Ante o número de instancias recibidas (mas de sesenta solicitudes), e atendendo á complexidade do proceso de selección (que inclúe probas físicas e psicotécnicas que requiren da disposición de medios materiais e humanos dos que carece o concello), asinouse en agosto deste ano 2019 un Convenio entre a Xunta de Galicia e o Concello de Arzúa, co obxecto de delegar as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías do seu corpo de policía local e as prazas de auxiliares de policía local.

Sendo vontade desta alcaldía que dito proceso selectivo se desenvolva pola Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), atendendo a razóns de eficacia e eficiencia; e tratándose dun procedemento iniciado de oficio por parte do concello.

Polo presente, en uso das facultades outorgadas legalmente polo artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases do Réxime Local, e de conformidade co

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

disposto no artigo 93 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Desistir de oficio do procedemento 2019/E001/000003, xa que a insuficiencia de medios por parte do concello para continuar coa súa tramitación fai imposible acadar o fin de interese público proposto, cal é a selección dun axente de policía local; desistimento que conlevará a terminación do procedemento.

SEGUNDO.- Comunicar á Academia Galega de Seguridade Pública, dentro do prazo establecido na cláusula segunda apartado 3 do convenio asinado en agosto de 2019 entre a Xunta de Galicia e o Concello de Arzúa, o modelo que se inclúe no Anexo I de dito convenio, indicando a denominación e características da praza que se pretende cubrir.

TERCEIRO.- Solicitar da secretaría municipal a emisión dunha certificación segundo o modelo recollido no Anexo II do Convenio, na cal se acredite o cumprimento de todos os requisitos legalmente esixidos para a convocatoria da praza, de conformidade co acordo da Xunta de goberno local de data 20 de marzo de 2019 publicado no BOP Nº 58 de 26 de marzo de 2019; así como a súa remisión á AGASP, xunto coa comunicación á que se refire o apartado anterior.

CUARTO.- Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello aos efectos que procedan.

ARZÚA, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

O Alcalde - Presidente
Asdo.- JOSÉ LUIS GARCÍA LÓPEZ

Dou fe, a secretaria
Asdo.- REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ

>>

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

RECURSOS:

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer potestativamente e perante o mesmo órgano que o ditou, de conformidade co preceptuado no artigo 123 da lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común, **recurso de reposición** no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación. O recurso potestativo de reposición terá que resolverse e notificarse no prazo dun mes; entenderase desestimado se transcorre este prazo sen que se lle notifique a resolución expresa (artigos 124.2 e 24.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro).

Contra a resolución expresa do recurso de reposición ou ben directamente contra o presente acordo pode interpoñer **recurso contencioso-administrativo**, perante o órgano competente da xurisdicción contencioso-administrativa, de conformidade co disposto nos artigos 8, 9 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da devandita resolución ou ó da notificación do presente acordo. Se a resolución non fose expresa, o prazo de interposición do recurso contencioso administrativo será de seis meses e contarase a partir do día seguinte a aquel en que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso potestativo de reposición ou a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto.

Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións estime oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos. A interposición do recurso non paraliza a executividade da presente resolución.

Arzúa, Asinado Dixitalmente na data que figura ao marxe.

A secretaria

Asdo.- Dna. Rebeca Vázquez Vázquez